INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

INFORME DO COMITÉ EXECUTIVO DE POLÍTICA INDUSTRIAL SOBRE O ANTEPROXECTO DO PLAN DIRECTOR DO SECTOR DA CONSTRUCIÓN NAVAL

O 11/12/2024, a Consellería de Economía e Industria remitiu ao Comité Executivo de Política Industrial o anteproxecto do Plan director do sector da construción naval, co fin de que emitise un informe sobre o dito anteproxecto, de acordo co previsto no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, así como o previsto no Regulamento do Consello de Economía e Competitividade, aprobado polo Decreto 42/2015, do 26 de marzo.

Logo de recibir a dita petición de informe, o pasado 30/12/2024 tivo lugar unha reunión do Comité Executivo de Política Industrial, na que se analizou o contido do anteproxecto do Plan director do sector da construción naval, e se acordou abrir un prazo desde ese mesmo día ata o día 08/01/2025, no os membros do Comité Executivo de Política Industrial poderían formular achegas e/ou observacións, que serían debatidas na seguinte reunión do dito comité executivo e, de así acordarse, incorporarse ao informe solicitado.

O 13/01/2025 tivo lugar unha nova reunión do Comité Executivo de Política Industrial, na que se debateron as achegas formuladas polos distintos membros do comité durante o prazo indicado.

De acordo co exposto, en virtude das súas competencias, **o Comité Executivo de Política Industrial acorda por unanimidade emitir o seguinte informe sobre o anteproxecto do Plan director do sector da construción naval.**

INFORME

Infórmase favorablemente o anteproxecto do Plan director do sector da construción naval que está a tramitar a Xunta de Galicia, en virtude do establecido no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, propoñéndose as seguintes melloras para o dito documento:

1.- Apartado 4.1. Crecemento económico: VAB industrial (páxina 24)

En relación ao incremento do VEB industrial, concretar que é a prezos correntes, deixando o correspondente parágrafo da seguinte forma:


CVE: IWX9HGAXpuz7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"Cómpre salientar que 2023 segue a mellorar o nivel de VAB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 3,9% sobre o ano precedente (incremento calculado a prezos correntes)".

2.- Apartado 4.2 Emprego industrial (páxina 24)

Incluír datos máis detallados sobre a evolución do emprego industrial ao longo dos últimos anos, incluíndo:
"A evolución da ocupación media industrial no período 2010-2023 queda reflectida na seguinte gráfica:

Gráfica: Evolución da ocupación industrial en Galicia



Fonte: IGE. EPA 2010-2023. Elaboración propia.

Con respecto ao inicio da serie de datos, a ocupación industrial reflicte unha caída de 4.500 persoas, o que supón un descenso do -2,61%. Paralelamente a esta evolución, cómpre salientar o efecto que está a supor no mercado de traballo galego a caída continuada de poboación activa, 54.400 persoas menos desde o 2010, un descenso do -4,17%, superior ao reflectido na ocupación industrial.

Como dato positivo, no ano 2023 Galicia rexistrou unha media de 168.200 persoas ocupadas na industria, incrementando a cifra nun 1,45% con respecto ao dato de 2022."

3.- Apartado 4.2.2. Caracterización das persoas ocupadas na industria galega (páxina 26)

Incluír datos dispoñibles sobre o tramo de idade de 16 a 29 anos (tramo que se considera para as políticas da UE para o fomento do emprego xuvenil), incluíndo:

CVE: IWX9HGAXpuz7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"A análise das variables proporcionadas desde a EPA permite caracterizar a industria como un sector fortemente masculinizado que conta cun colectivo de persoas traballadoras de idades intermedias, aínda que lixeiramente nesgado cara ao segmento de 45-54 anos. *Compre salientar que a poboación ocupada con menos de 30 anos representa o 9,8% do sector industrial.* "

4.- Incluír datos sobre a estabilidade do emprego, incorporando:

"Cómpre salientar que esta información permite debuxar un sector estable, con traballos maioritariamente a tempo completo e onde o 60% das persoas ocupadas levan seis anos ou máis na mesma empresa. *Por outra banda, o sector industrial, xunto coa construción, son os sectores cunha menor taxa de temporalidade. No caso da industria, o 12% das persoas asalariadas teñen un contrato temporal, fronte a un 16,7% de media galega. Dito doutro xeito, o 88% da poboación asalariada na industria conta cun contrato indefinido*. "

5.- Eliminar o parágrafo do Apartado 4.2.3 Emprego industrial feminino (páxina 27), correspondente á evolución do número de postos de técnicos das ciencias e enxeñarías de 2002 a 2023, xa que é un dato do total de todos os sectores, non do sector industrial, do que non hai datos publicados.

6. No Apartado 5.4. DAFO (páxina 42), incorporar como Fortaleza o Campus industrial de Ferrol.

7. Modificar o indicador de incentivos á contratación persoas menores de 25 anos por persoas menores de 30 anos, en coherencia coa normativa vixente.

8. Co fin de incrementar a información sobre as entidades do sector que operan en Galicia, modificar o seguinte parágrafo na páxina 35:

"Ademais, existen outras entidades asociativas que agrupan a outras empresas que tamén pertencen ao sector da construción naval, como ASIME, patronal da industria do metal e tecnoloxías asociadas, que agrupa ás diferentes actividades da cadea de valor desta industria, desde a construción e reparación naval, ata a produción de estruturas e servizos para a eólica mariña. Así mesmo, desenvolve para esta industria diversas liñas de actuación, con especial traxectoria e recoñecemento en materia de formación, comercio exterior como organismo intermedio, ou innovación, sendo recoñecida como Agrupación Empresarial Innovadora. *Así mesmo, ASIME impulsa o Digital Innovation Hubs*

CVE: IWX9HGAXpuz7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

(INFABHUB), no que a industria naval é unha das súas cadeas de valor prioritarias, que conta co selo de excelencia da Unión Europea e é membro da Rede Europea de DIHs."

9. Co fin de incrementar a información sobre as entidades do sector que operan en Galicia, modificar o seguinte parágrafo na páxina 35:

"5.3.6. Outros proxectos estratéxicos

Cómpre salientar outros proxectos estratéxicos de interese impulsados desde ASIME, dentro dos que destacan:

- *MATES: Este proxecto desenvolve unha estratexia de competencias que aborda os principais motores de cambio da industria marítima, en particular a construción naval e as enerxías renovables offshore.*
- *FLORES: Dirixido a promover unha "Visión de futuro nas Enerxías Renovables Mariñas".*
- *AOWINDE: Cuxo fin é impulsar o desenvolvemento sustentable a competitividade na rexión, promovendo a xeración de enerxías limpas.*
- *BAHIA H2: Proxecto para desenvolver un sistema pioneiro que utilice a electricidade xerada polos parques eólicos mariños para transformala en hidróxeno e amoníaco renovable.*

Dentro da industria eólica offshore, destaca o Galician Offshore Energy Group de ASIME GOE-ASIME, con 53 empresas e institucións integradas que traballan directamente para parques eólicos mariños en todo o mundo e que executan actuacións conxuntas para promover negocio neste segmento. Así, Galicia conta co congreso internacional GOinterHUB, que reúne en cada edición a máis de 500 axentes fundamentais da eólica mariña a nivel nacional e internacional. "

10.- No apartado 8.7 Solo e infraestruturas (páxina 61), modificar o primeiro parágrafo da epígrafe, incluíndo unha referencia ás infraestruturas de transporte de materias, produtos e bens:

"Neste eixe, o sector prioriza actuacións en dous espazos, tanto no litoral, onde se asentan principalmente os estaleiros, como no interior, en cuxos polígonos industriais se asenta toda a industria auxiliar. As medidas solicitadas van desde a mellora das infraestruturas portuarias e de subministracións de enerxía en porto con adaptación ás novas fontes de enerxía, a rehabilitación de solo industrial subutilizado en áreas portuarias e costeiras ou a mellora das condicións das concesións portuarias ata, por outra banda, a mellora da conexión e accesibilidade dos polígonos industriais e áreas portuarias. *Cómpre desenvolver infraestruturas que permitan mellorar a mobilidade de materias primas, os produtos e os bens, co obxectivo de favorecer a actividade do sector a través da redución de custos, mantendo a competitividade e favorecendo as exportacións.* No mesmo sentido, faise fincapé no desenvolvemento do solo industrial con criterios de

CVE: IWX9HGAXpuz7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

especialización e sustentabilidade e na optimización de parcelas industriais.

Por outra parte, **recoméndase** que, na medida do posible, se utilicen os indicadores estratéxicos que sexan concretamente do sector da construción naval, sempre que se dispoña dese nivel de desagregación.

Finalmente, por parte deste Comité Executivo de Política Industrial requírese que no Plan Director se prevea o establecemento dun fluxo de comunicación permanente con este Comité, para que estea informado de todas as modificacións que afecten ao desenvolvemento dos plans directores.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A presidenta do Comité Executivo de Política Industrial

Covadonga Toca Carús

Asinado por: TOCA CARUS, COVADONGA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 14/01/2025 09:41:35

CVE: IWX9HGAXpuz7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve